


A partir de que día de folga se tería dereito á compensación económica?

O dereito nace na terceira xornada de folga, sempre e cando o número de día de folga non superen os dez días, en caso de superalos á compensación económica farase desde o primeiro día.

Estamos nun momento histórico para o movemento sindical galego, e a CAIXA DE RESISTENCIA, baseada fundamentalmente no principio na SOLIDARIEDADE dos traballadores e traballadoras organizados na CIG, vai reforzar a nosa posición sindical, fronte ás agresións e aos intentos de asfixiar os conflitos economicamente.

**Temos razóns sindicais para
loitarmos contra a explotación
e os abusos do capital**

**Temos unha ferramenta
para acadarmos as nosas
xustas reivindicacións**



**Temos a
Caixa de
Resistencia
da CIG**



**Na loita
resistir
é vencer**



**Caixa de
Resistencia
Solidariedade
de clase**



Confederación Intersindical Galega

www.cig.com

Caixa de Resistencia Confederada da CIG

A Caixa de Resistencia da CIG

Desde hai 12 anos, os afiliados e as afiliadas da CIG, temos en funcionamento esta ferramenta solidaria de apoio ás convocatorias de folga, para facer fronte con máis eficacia, aos abusos da patronal, e así fortalecer a nosa acción sindical en defensa dos nosos xustos dereitos como traballadores e traballadoras.

Fundouse coa intención de dar apoio económico a aqueles conflitos que pola súa crueza, e polo seu marcado interese sindical, non poden ser derrotados polos empresarios, porque os traballadores e traballadoras non poidan resistir ao seren afogados economicamente.

A súa consolidación, tras estes anos de funcionamento, permitiunos comprobar obxectivamente que este apoio aos conflitos laborais, que eran e son soportados maioritariamente polos nosos compañeiros e compañeiras afiliados, non soamente no peso sindical do conflito senón tamén na súa repercusión económica, axudou a mantelos vivos, a reforzar as nosas posicións sindicais, a avanzar nun modelo de sindicalismo reivindicativo e solidario.

Son moitos os conflitos vividos que nos serviron para afortalar o convencemento de que a CAIXA DE RESISTENCIA ten que ser un instrumento na acción sindical, que fortalece o movemento reivindicativo e de vangarda, ante os intentos de asfixia económica por parte da patronal.

Como funciona a Caixa de Resistencia?

A Caixa de Resistencia Confederada constitúese como un acto de Solidariedade de todos os/as traballadores e traballadoras afiliados/as á Confederación Intersindical Galega, co obxecto de aumentar a eficacia sindical respaldando a súa acción nas folgas..." (Artigo 1º do Regulamento da Caixa de Resistencia confederal).

Para o seu correcto funcionamento, a Caixa de Resistencia, regúlase a través dunhas normas "Regulamento da Caixa de Resistencia Confederada" nas que se recollen aspectos para a súa aplicación: a súa contabilidade, os conflitos que debe cubrir, antigüidade na afiliación para ter acceso a mesma, a cantidade a abonar por día etc.

Quen sostén economicamente a Caixa de Resistencia?

Os afiliados e afiliadas da CIG coas súas cotas regulamentarias.

Quen pode acceder á Caixa de Resistencia?

Todos aqueles traballadores e traballadoras afiliados a CIG que teñan unha antigüidade igual ou superior a tres meses e as cotas sindicais ao día.

Canto supón a compensación económica en caso de folga?

Para os afiliados e afiliadas cunha antigüidade ininterrompida igual ou superior a un ano, 30 euros por cada día de folga

Para os afiliados e afiliadas cunha antigüidade ininterrompida igual ou superior aos tres meses, e ata os doce, 15 euros por cada día de folga.



Caixa de Resistencia
Solidariedade de clase

